



# PLAN DIXITAL

## IES PRIMEIRO DE MARZO

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

**Nome:** IES Primeiro de Marzo

**Enderezo:** Rúa Virxe da Rocha nº 20; 36300 Baiona (Pontevedra)

**Correo electrónico:** ies.primeiro.marzo@edu.xunta.gal

**Web:** iesprimeiromarzo

### **Etapas educativas e número de alumnado no curso 2021-2022 :**

• **ESO.** (Total alumnado matriculado: 208)

- 1º ESO: 3 grupos

- 2º ESO: 3 grupos (un de PMAR)), un deles sección bilingüe na que se imparten a materia de “Paisaxe e sustentabilidade” en inglés

- 3º ESO: 2 grupos un deles sección bilingüe na que se imparten Bioloxía e Xeoloxía en inglés.

- 4º ESO: 2 grupos,

- Desdobres en materias instrumentais, Laboratorio de Bioloxía, Física e química, Tecnoloxía e inglés..

- Exencións de Francés como medida de atención á diversidade.

- Un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento en 2º ESO

- Existe unha oferta de inglés e francés como primeiro e segundo idiomas.

• **Bacharelato:** (Total alumnado matriculado:132)

- 1º BACHARELATO: 3 grupos, correspondentes á modalidade de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais, que, á súa vez, inclúen cada un dúas vías: Ciencias-Ciencias da Saúde e Enxeñería-Arquitectura, por un lado; Humanidades e Ciencias Sociais-Ciencias Xurídicas, por outro.

- 2 BACHARELATO: 2 grupos, correspondentes á modalidade de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais, que, á súa vez, inclúen cada un dúas vías:

Ciencias da Saúde e Enxeñería-Arquitectura, por un lado; Humanidades e Ciencias Sociais-Ciencias Xurídicas, por outro.

• **Ciclo Formativo** (Total alumnado matriculado:44)

- Ciclo formativo de formación profesional básica de “Actividades domésticas e limpeza de edificios”: 1º e 2º cursos.

- Ciclo Superior de Animación Sociocultural e Turismo: 2 cursos presenciais e 2º de FCT.

O alumnado matriculado no instituto no presente curso suman un total de 386.

**Nº de profesorado** no curso 2021-2022: 47 (1 profesora de Relixión, compartido con outro centro)

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Características do centro xeográficas, socioeconómicas e culturais:**

O noso centro ten un emprazamento en terreo de monte, situado na área periférica da vila de Baiona, esta ubicación ofrece a vantaxe de que as edificacións se erguen dentro dun terreo amplo, non dispoñible habitualmente en cascos urbanos, pero, á vez, presenta dous dalgúns inconvenientes que condicionan a organización e administración do instituto: resulta moi gravoso o desbroce e limpeza dunha finca dedicada a monte, e o relativo alonxamento do núcleo urbano impide unha boa integración da institución na vida do pobo; o alumnado ten que se servir maioritariamente do transporte escolar, as posibilidades de ofrecer recursos complementarios á vila, coma a sesión nocturna, resultan escasas e, sobre todo, non hai opción a que se poidan buscar recursos complementarios de financiamento aos que proporciona a Consellería.

(O carácter periférico do noso centro, nun sentido amplo do termo, débese a varios factores que se suman ao da localización á que se acaba de facer alusión. En primeiro lugar, dentro da rede de centros do propio municipio, o antigo centro de Primaria, convertido hai anos en CPI, ben situado en plena vila, recolle boa parte do alumnado da ESO de Baiona. O IES *1º de Marzo* ten como centros adscritos o CEIP de Fontes e o de Belesar, onde se forma o alumnado de zonas periféricas e rurais do concello. Hai uns anos, a Dirección do noso instituto conseguiu que os alumnos da parte norte do concello limítrofe de Oia, que cursan a

Primaria no colexio desta localidade, fosen adscritos tamén ao instituto de Baiona por razóns de proximidade).

A zona de Baiona, vinculada tradicionalmente á pesca e agricultura sufriu unha fonda transformación polo pulo do turismo; de xeito que esta actividade pasou a converterse no principal motor dese chamado “progreso”, traendo consigo unha importante transformación socioeconómica que tamén inflúe no medioambiente e mesmo nas manifestacións culturais, tema sobre o que interesa sensibilizar ó noso alumnado.

A situación socio-cultural e económica da maior parte das familias correspondente ó alumnado do IES Primeiro de Marzo é, en consecuencia, baixa (mariñeiras ou que traballan no sector servizos); a meirande delas habitan fundamentalmente no ámbito rural, suburbial e, nos últimos anos, contamos con inmigrantes e bastantes fillos/as de familias desestructuradas.

O instituto de Baiona tamén é periférico porque aínda non deu afianzado unha tradición e arraigo como teñen outros da zona, froito da súa tradición, que provoca a perda de alumnado natural de Bacharelato que decide matricularse nalgún outro centro próximo ao lugar onde vive, aínda que nestes últimos anos empeza a percibirse un cambio, un intenso labor de atención ao alumnado con diversas necesidades educativas, o coidado da excelencia, do que son unha boa mostra as seccións bilingües implantadas, o intenso contacto coas familias, o amplo programa anual de actividades extraescolares e complementarias foron prestixiando a institución no entorno, segundo se pode comprobar polos datos de matrícula e as valoracións recibidas do entorno .é no último curso probablemente tamén condicionado pola situación covid que provocou cambios na xestión do transporte e, por ende, a procura da proximidade do centro. educativo

Como xa se comentaba, a pesar dos inconvenientes da ubicación, esta tamén ofrece amplas posibilidades para o deseño de actividades e unidades relacionadas coa nosa historia, natureza, sociedade e medio ambiente debido ós abondosos recursos relacionados sobre todo con materias como ciencias medioambientais, naturais e xeografía

Para paliar estas eivas, o claustro traballa arreo nun plan de dinamización cultural xeral dun centro de aí que, nos últimos anos, se realizasen, ademais das celebracións e actividades complementarias internas, moitas extraescolares, algunhas de grande calidade, como a asistencia a diversas representacións teatrais na vila ou en Vigo, a participación no Proxecto Terra, no Plan Proxecta, no Campionato Nacional de Robótica, nas Rutas literarias,

a viaxe a Madrid-Toledo e a Londres, a excursión didáctica de fin de ESO, intercambio con institutos estranxeiros, etc. Algunhas actividades, como as charlas informativas sobre problemas da adolescencia e a xuventude, outras orientativas sobre estudos e probas e as visitas a institucións, museos, centros de formación, empresas, facultades, etc., xa adquiriron carta de identidade dentro do proceso formativo e informativo que se segue e van aparecendo cada ano no Plan Xeral Anual aínda que nestes últimos anos. Debido ó impacto da pandemia vimos reducidas e limitadas as actividades, si potenciadas as encamiñadas á de reforzo

Nos últimos cursos escolares, o centro foise adaptando paulatinamente ás necesidades da súa oferta educativa, ao perfil do alumnado e ás esixencias da nova lexislación e das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto nas aulas coma no funcionamento da súa administración. Así mesmo, foi acondicionando as súas instalacións e ofrecendo unha maior diversidade e riqueza educativas coa incorporación de novas tecnoloxías e recursos, por medio da dotación económica anual aos departamentos didácticos,. De feito, un dos trazos máis relevantes na evolución do IES é a inversión prioritaria dunha parte importante do presuposto anual en materiais e actividades que redundan directamente na mellora do proceso de formación dos alumnos.

- O plan dixital terá actuacións sobre os distintos plans, proxectos ( Proxecto Ríos, Galicons), Clubs ( Club de Ciencia e Club de lectura), Polos Creativos, plans de innovación, Proa, Convive, Iguala-te, Emociona-te... ....
- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O plan dixital foi elaborado en base o requirimento lexislativo da Consellería de Educación publicado na *Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional* na Resolución do 3 de setembro de 2021 e seguindo as instrucións desenvoltas nas seguintes LO e disposicións.

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da RESOLUCIÓN de 26 de maio de 2022, de la Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para el desenrolo das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022-2023*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do*

## *Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

### **1.4. Proceso de elaboración**

- 1.- Comunícase no claustro de docentes do centro do 13-10-2021 a formación do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.
- 2.- Constitútese o Equipo de Dinamización do Plan Dixital formado polos seguintes membros do claustro  
  
Manuel Carrera Martínez (Secretario)  
  
Rosa Gallego Gomez (Directora)  
  
Carlos M. Iglesias Candal  
  
Carmen Iglesias Falqué (Xefa de estudos)  
  
Maria Loureiro González (Coordinadora Abalar)  
  
Teresa de Jesús Louzao Souto (Coordinadora do Plan Dixital)
- 3.- Asígnase como mentor do Centro a José Antonio Rodríguez Pérez
- 4.- O coordinador foi dado de alta na aula virtual común do proxecto “Adix3.Vigo 3” onde se atopa a información común para todos os centros.
- 5.- A primeira tarefa consiste en que docentes e alumnado realicen o cuestionario Selfie.
- 6.- Subida do resumo dos datos obtidos no selfie a aula virtual “Adix3.Vigo 3”
- 7.- Reunión con mentor José Antonio Rodríguez o 1 de febreiro de 2022 no que nos explica todos os pasos a seguir para a elaboración do plan dixital. Na reunión comunícanos que o profesorado ten que repetir o selfie por non acadar a porcentaxe suficiente de participación.
- 8.- Os docentes realizan o test de competencias dixitais (CDD)
- 9.- Subida dos datos do Test CDD a aula virtual
- 10.- Formación sobre o análise DAFO para elaboración do plan dixital o 17-03-2022
- 11.- Análise dos datos recollidos no Selfie e no CDD para elaborar a matriz DAFO.
- 12.- Creación dun curso Plan Dixital na aula virtual do centro.
- 13.- Subida do DAFO na aula virtual “Adix3.Vigo3”
- 14.- Formación sobre a selección e elaboración dos obxectivos do plan de acción o 20-04-2022.
- 15.- Reunión do equipo para elixir e redactar os obxectivos para o curso 2022/23.

16.- Elaboración do documento PLAN DIXITAL.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### DATOS PLAN DIXITAL EQUIPOS/INSTALACIÓNS

##### 1. Ordenadores

1.1 Ordenadores por tipo de ordenador		Total
Ordenadores de sobremesa		104
Ordenadores portátiles	Equipo Abalar/EDIXGAL	56
	NO Abalar/EDIXGAL	57
Tabletas		0
<b>Total</b>		<b>217</b>

1.2 Ordenadores por localización		Nº Ordenadores
Aulas específicas de Informática, sen asignación específica		46
Aulas habituais de clase	En Aulas Abalar/EDIXGAL	56
	Noutras aulas	71
Dependencias administrativas/Xestión		8
Outras dependencias:		
Conserxería		3
Biblioteca		11
Departamentos		17
Sala prof.		4
Salón de Actos		1
Préstamo prof.		0
<b>Total</b>		<b>36</b>
Sen localización definida		0
<b>Total</b>		<b>217</b>

1.3 Ordenadores por utilización preferente		Total	
Tarefas administrativas		8	Con Internet
Tarefas educativas y docentes	Uso exclusivo profesorado	56	56
	Docencia directa alumnado	145	145
Sen tarefa preferente		8	--
<b>Total</b>		<b>217</b>	<b>201</b>



## 2. Aulas específicas

Nº Aulas específicas de informática no centro	<b>2</b>
---	----------

## 3. Dotación sistemas dixitais interactivos

Nº Aulas con SDI (PDI, proxectores interactivos, etc.)	<b>18</b>
Nº Aulas sen SDI (PDI, proxectores interactivos, etc.)	<b>19</b>

## 4. Outros equipos informáticos del centro

	Total	Del total , equipos Abalar
Nº Encerados interactivos	14	7
Nº Proxectores	37	7
Nº Escáneres	4	
Nº Fotocopiadoras	4	
Nº Impresoras en rede	1	
Nº Impresoras locais	17	
Nº Puntos acceso Wifi (Incluído router Wifi)	11	7
Nº Armarios carga portátiles	6	7

## B. Conexión Internet

### 1. Conexión a Internet

Conexión a Internet	SI
Tipo Conexión	Fibra óptica
Centro con RAL/LAN	SI
Ancho Banda	500 MB
Uso	Ambos

## 2. Conexión Wifi

Centro con Servicio rede Wifi	SI
¿Quen ten acceso a Internet vía Wifi?	
Persoal del centro	SI
Alumnado con dispositivos del centro	SI
Alumnado con dispositivos propios	NO
Lugares onde está dispoñible o acceso Wifi:	
Espazos adicados á docencia	NO
Departamentos	NO
Secretaría/despachos dirección	NO
Zonas comúns	SI

## 3. Clasificación de las aulas

	Total	Con Wifi
Nº Aulas con conexión	30	11
Nº Aulas sen conexión	0	
Nº Espazos administrativos con conexión	5	
Nº Espazos administrativos sen conexión	0	
Nº doutras Dependencias con conexión	22	1
Nº doutras Dependencias sen conexión	0	

## 4. Páxina Web

¿Ten o centro páxina Web?	SI
Aloxamento	Servidores Consellería

## 5. Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA)

¿Dispón o centro de EVA?	SI
¿Quen é o proveedor do servicio?	
O propio centro	NO
A Admón. Educativa	SI
Servizo externo á Admón. e o centro	NO
¿Utilizan a EVA?	SI

Tipo de usuario da EVA

Alumnado	SI
Familias alumnado	NO

6. Servizos na Nube

Dispón o centro de servizos na nube?	SI
Quen es el proveedor deses servizos?:	
O propio centro	NO
A Admón. Educativa	SI
Servizos externos alleos á Admón. Educativa e o centro	NO
Tipo de usuario de servizos na nube	
Alumnado	NO
Familia do alumnado	NO

7. Proxectos

Participa o centro en prox. relacionados coas Tecs. Educativas	SI
--	----

8. Emprego do móbil

O centro permite ao alumnado o uso do móbil con fins educativos en:

ESO	SI
BACH	SI
FPB	SI
FPGM	NO
FPGS	SI

### 3.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

#### DATOS SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
A -Liderado	Equipo Direct.	2.3	1,8	2
	Profesorado	2.6	3.1	1.7
	Alumnado			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.8	2	2.3
	Profesorado	2.3	2.5	1.9
	Alumnado	2,8	2.4	2.8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.4	3	3
	Profesorado	2.9	3.1	2.1
	Alumnado	3.1	2.7	2.9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2.7	2.4	3
	Profesorado	2.8	2.9	2.4
	Alumnado			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.3	3.3	3.3
	Profesorado	3.4	3.8	3.6
	Alumnado	3.6	3.7	3.7
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.2	2.2	2.3
	Profesorado	2.9	2.9	2.5
	Alumnado	3	2.8	3.3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.3	1.7	1.9
	Profesorado	2.4	2.2	2.1
	Alumnado	2.4	2.2	2.7
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.7	2.7	2.8
	Profesorado	3	3.1	2.7
	Alumnado	3.2	2.7	2.8

## DATOS TEST CDD

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
Definitivo	29	34	85,3%
Interino	6	7	85,7%
Outros	1	1	100%
Provisional	6	6	100%
Substituto	3	4	75%

Do persoal Definitivo:

Realizaron o test 29 docentes do total de 34 que foron convidados neste perfil. É dicir participou o 85,3% do profesorado Definitivo.

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CENTRO	70,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 70,6 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CF	74,9	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)
ESO	68	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BACH	70	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

Na etapa de CF:

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 74,9 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	6	13,3%
Explorador/a (A2)	14	31,1%
Integrador/a (B1)	16	35,6%
Experto/a (B2)	6	13,3%
Líder (C1)	3	6,7%
TOTAL	45	100 %

Dos 45 docentes do seu centro que participaron no testCDD obtemos os seguintes resultados:

- 6 teñen un nivel de competencia dixital Principiante (A1), é dicir, o 13,3%.
- 14 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 31,1%.

### 3.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o equipo de dinamización do plan dixital xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Resolución de incidencias técnicas.</li> <li>2. Dispositivos dixitais para uso do alumnado.</li> <li>3. Equipamentos mercados polo centro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Creación de espazos para compartir recursos educativos dixitais</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía.</li> <li>2. Uso de recursos en liña</li> <li>3. Creación de recursos dixitais.</li> <li>4. Emprego de tecnoloxía dixital para adaptarse a diversidade.</li> <li>5. Uso activo e creativo de aulas virtuais.</li> <li>6. Uso de comunicacións dixitais.</li> <li>7. Manexo de software libre no centro.</li> <li>8. Participación en proxectos interdisciplinares</li> <li>9. Competente no emprego da tecnoloxía na labor docente.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Desenvolvemento de estratexia dixital.</li> <li>2. Incorporación por parte do profesorado de tecnoloxías dixitais para a avaliación.</li> <li>3. Uso das tecnoloxías dixitais na avaliación do alumnado e feedbacks sobre a súa aprendizaxe.</li> <li>4. Tempo empregado no ensino dixital (Ciclos de FP)</li> <li>5. Innovación tecnolóxica e educativa.</li> <li>6. Tempo do que dispón o profesorado para renovación dixital e pedagóxica.</li> </ol>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Uso activo, creativo, inclusivo, colaborativo e interdisciplinar de contornos virtuais e tecnoloxías dixitais.</li> <li>2. Uso de tecnoloxías dixitais de comunicación.</li> <li>3. Aprendo o uso seguro de internet.</li> <li>4. Aprende a utilizar de internet de xeito crítico, responsable e respectuoso.</li> <li>5. Aprendo a crear contidos dixitais e comunicarse con eles.</li> <li>6. Traballa con ferramentas de software libre.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Uso de tecnoloxía dixital na autoavaliación e coevaluación na súa aprendizaxe.</li> <li>2. Utilización no centro de equipos dixitais propiedade do alumnado</li> </ol>

	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>	1. Uso de tecnoloxías dixitais de comunicación.	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	1. Novas modalidades de ensinanza 2. Uso de servizos dixitais educativos corporativos. 3. Creación de grupos de traballo para formación continuada de profesorado	1. Desenvolvemento da estratexia dixital co profesorado. 2. Avaliación do progreso dos procesos ensinanza-aprendizaxe. 3. Política de protección de datos. 4. Debate sobre o uso das tecnoloxías. 5. Dinámicas para reflexionar sobre recursos dixitais.

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	1. Dotación de equipamento tecnolóxico.	
	<b>LEXISLACIÓN</b>		
	<b>CONTORNA</b>	1. Tecnoloxía accesible para o alumnado.	1. Condicións socioeconómicas da contorna 2. Ubicación do centro. 3. Conectividade dixital.
	<b>ANPA</b>	1. Colaboración da ANPA	1. Tempo de existencia da ANPA
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	1. Resolución de incidencias técnicas. 2. Desenvolvemento profesional continuado. 3. Oferta de cursos de formación en rede ou presenciais. 4. Existencia de proxectos externos 5. Colaboración con institucións ou persoas alleas ao centro educativo	

## 4. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

### 4.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg. Cada obxectivo está recollido nas táboas seguintes:

[

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”:						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Crear e compartir recursos nun espazo común (E.2)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de recursos creados e compartidos					
<b>Valor de partida (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	20 recursos compartidos o final do 2º trimestre			Final de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: Creación dun grupo de traballo para deseñar o espazo compartido</b>	Equipo directivo	Setembro	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2:Deseño do espazo de traballo</b>	Equipo de traballo	Outubro	Actas de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Creación e organización do espazo compartido na aula virtual</b>	Coordinador TIC	Outubro	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.4: Publicación dos recursos no espazo na aula virtual</b>	Profesorado	2 trimestre	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”:							
<b>1. OBXECTIVO (1): 2</b>	Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas (G.1)					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	n.º de rúbricas creadas e compartidas na aula virtual						
<b>Valor de partida (3)</b>	0						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	10				Final de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar rúbricas	Xefatura de estudos	1º trimestre	Convocatoria		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Análise de rubricas existentes e determinación de tarefas conxuntas interdisciplinarias que sexan avaliadas mediante rúbricas.	Grupo de traballo	2º trimestre	Acta de reunión. Rúbricas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Publicación e proba das rúbricas e revisión se é o caso	Grupo de traballo	3º trimestre	Rúbricas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”:							
<b>1. OBXECTIVO (1): 3</b>	Coñecer os dereitos de autoría, as licenzas e dereito de cita (A.5)					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de recursos no espazo compartido que usan de forma correcta a licenza e o dereito de cita						
<b>Valor de partida (3)</b>	0%						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	75%				Final de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Formación en dereitos de autoría, as licenzas e dereito de cita	CFR	1º trimestre	Convocatoria		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Incorporar as licenzas nos recursos creados para o espazo común.	Profesorado	2º Trimestre	Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Creación dun repositorio de enlaces a contidos libres, CC ou dominio público no espazo común	profesorado	Todo o curso	Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

## Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”:						
<b>1. OBXECTIVO (1): 4</b>	Dixitalizar, actualizar e difundir a documentación do centro (E.4)					
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo					
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de documentos compartidos					
<b>Valor de partida (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	25%	Final de curso				
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES(6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO4.1: Creación do grupo de traballo</b>	Equipo directivo	Setembro	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.2: Recopilar os documentos a actualizar</b>	Equipo de traballo	Outubro	Actas de reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.3: Revisar e seleccionar os documentos a según prioridade</b>	Equipo de traballo	Outubro-Novembro	Actas de reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.4: Creación do espazo compartido para compartir os documentos</b>	Equipo de traballo	Outubro-Novembro	Espazo na nube		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>AO4.5: Compartir os documentos actualizados</b>	Equipo de traballo	Terceiro trimestre	Espazo na nube		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”:							
<b>1. OBXECTIVO (1): 5</b>	Poñer en marcha o programa de innovación “Polo Creativo” (A.3)						
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC						
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de proxectos desenvoltos no programa						
<b>Valor de partida (3)</b>	0						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	5				Final curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES(6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
<b>AO5.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar</b>	Coordinador TIC	Setembro	Convocatoria		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO5.2:Selección dos proxectos cos que se vai traballar</b>	Equipo de traballo	Outubro	Actas de reunión.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO5.3: Preparación do espazo de traballo</b>	Equipo de traballo	Novembro-Decembro	Espazo de traballo e equipamento		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO5.3: Desenvolvemento dos proxectos</b>	Equipo de traballo/CFR	Final de curso	Espazo de traballo e equipamento		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

**ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 4.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Temos a necesidade de actualizar os equipos portátiles das aulas, ordenadores de sobremesa da aula informática (30 e comprados polo centro) por obsoletos (algúns con máis de 10 anos), actualizar os proxectores tanto os da Xuga (Abalar) como os mercados polo centro, temos problemas para adquirir lámpadas de reposto.

Tamén é necesario a adquisición de mesas para ordenadores, temos moitos equipos montados en mesas moi incomodas para o alumnado.

A instalación de puntos de acceso Wifi no andar 2 e 3 e na zona da Dirección (andar 1) e na zona de Secretaría (andar 0).

## 5. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, queda reflectido nas táboas do apartado 3.2

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 6. Difusión do plan

Empregáranse os seguintes medios:

- Publicación na web do centro
- Publicación na aula virtual do centro
- Difusión entre o profesorado por correo electrónico